

---

## Repoboación do Chan da Mamonda

---

### INFORME DE VERDEVAL PARA A REPOBOACIÓN DO CHAN DA MAMONDA

#### ANTECEDENTES

A parcela do chan da Mamonda é un antigo vertedoiro de materiais de construción e demolición, onde se verteu aproximadamente desde o ano 2004 ata o ano 2010.

Polo que se pode observar por fotos aéreas e por inspección sobre o terreo, o vertido non afecta a toda a superficie da parcela, senón que está localizado nas zonas norte, sur e leste da parcela.

O tipo de material vertido non se coñece a non ser polo observado sobre o terreo mediante catas ou restos visualizados en superficie. Os restos visualizados son formigón, aglomerado, azulexos, ladrillos, restos plásticos... Tampouco se coñece a cantidade vertida nin o espesor das camadas.

No ano 2010 procédese ao acondicionamento do entullo e ao tapado do mesmo con xabre e terra. Tamén se executa unha plantación de castiñeiros a marco de 5x4m para produción de madeira.

#### SITUACIÓN ACTUAL

Na actualidade a parcela está ocupada en aproximadamente dous tercios por unha plantación de monocultivo de castiñeiro para a produción de madeira, de aproximadamente cinco anos de antigüidade, cunha alta porcentaxe de marras que non foron repostas. O outro terzo está sen repoboar.

A vexetación baixa está desbrozada, labor que se fai periodicamente.

A proposta da CCMM é a de manter a actual alternativa de explotación do terreo, isto é, monocultivo de castiñeiro para a produción de madeira a marco de 5x4, repoñendo as marras existentes e coa posibilidade de nun futuro mudar o tipo de explotación, pasando de castiñeiros para madeira a castiñeiros de froito, por medio do enxertado dos mesmos.

#### ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

Despois dunha visita á parcela por parte de membros de Verdeval, na que se analiza visualmente a superficie da mesma, reparando na vexetación existente e facendo catas en distintos puntos para comprobar o tipo do substrato presente, chegamos á seguinte conclusión:

Atopamos unha parcela heteroxénea en canto a substrato, podendo dividirse en 4 subparcelas:

- Subparcela 1: Zona natural con solo vexetal profundo, con zonas de mais de 70cm de profundidade.
- Subparcela 2: Zona natural con afloramentos rochosos e escaseza de solo.
- Subparcela 3: zona con entullo, con escaso ou nulo recubrimento de solo e con restos de entullo visibles en superficie.
- Subparcela 4: zona con entullo e aterrado con xabre e terra vexetal.

### DISCUSIÓN DA PROPOSTA DA CCMM

En Verdeval consideramos que a proposta dun monocultivo de castiñeiro para a produción de madeira nunha parcela tan diversa non é a elección mais axeitada, xa que o castiñeiro precisa de terreo fondo e fértil, polo que habería que desbotar as zonas de rocha superficial e as zonas de entullo.

As zonas de entullo, aínda que estean cubertas cunha camada de solo, non é dabondo. O castiñeiro ten un sistema radicular profundo e en canto as raíces penetren no entullo, e dependendo da natureza deste, é probable que haxa un decaemento da plantación, tanto pola natureza dos materiais, que poden ser fitotóxicos ou modificantes do pH (formigóns, pinturas, escaiolas, colas...) coma polo tamaño das partículas que forman o mesmo. Soen estar compostos por trouzos grandes e carentes de finos, de xeito que será un material moi drenante que non reterá auga, presentando un alto déficit hídrico nos períodos mais secos.

Tampouco sería recomendable facer enriba do entullo plantacións para aproveitamento do froito, coma castiñeiros, cerdeiras, pequenos froitos ou mesmo recolección de cogumelos, pola posible acumulación de produtos tóxicos nos froitos (os cogumelos son grandes acumuladores de metais pesados).

A zona de rocha en superficie tamén é rexeitable para a plantación de castiñeiros, pola falta de solo.

A opción de reverter a plantación de castiñeiros de madeira a froito, consideramos que sería perder anos de desenrolo da árbore, tendo que cortar a parte aérea cando xa ten un certo tamaño para ter que volver a desenrolarse de novo.

### PROPOSTA DE VERDEVAL

A proposta de Verdeval é dividir a parcela en subparcelas en función do tipo de solo e plantar en cada subparcela a especie ou asociación de especies mais axeitada a cada caso.

Para a parcela natural e de solo profundo elixiríase como especie principal o castiñeiro de froito a marco de 10x12 e complementado con castiñeiros de madeira e outras especies frondosas ata chegar a un marco de 5x4 ou densidade equivalente, formando un bosque mixto, mais interesante en canto a biodiversidade e mais enriquecedor do solo ca un monocultivo.

Nesta parcela a situación final sería a dun souto de castiñeiros para produción de castaña a marco de 10x12.

Con esta proposta evitamos a perda de tempo que se produciría co enxertado e por outra banda aproveitase o resto das árbores de recheo, mentres a plantación principal non acada un certo desenrolo, como produtores de madeira e melloramentos do solo.

Na parte natural con afloramentos rochosos e que non é viable para a plantación de especies arbóreas, o obxectivo sería a implantación de especies herbáceas e arbustivas autóctonas que se adapten a ese tipo de solo e que contribuirían á formación e enriquecemento do solo.

Na subparcela de entullo sen aporte de solo, plantaríanse as especies mais resistentes a terreos pobres e contaminados.

A especie mais importante como recuperadora de solos e mais resistente a solos contaminados é o bidueiro. Esta especie é mellorante de solos e emprégase moitas veces como acompañante da especie principal para o seu establecemento. É a frondosa autóctona con maior crecemento e a mais valorada para a industria celulósica. É unha especie moi interesante para a produción de Shiitake.

A plantación sería de alta densidade a marco de 3x3 ou densidade equivalente. Segundo vaia medrando a plantación irase facendo aclareo para o seu aproveitamento na produción de Shiitake.

Na subparcela con entullo e aporte de solo plantarase bidueira como especie principal a marco de 3.5x3.5 e complementarase con outras especies frondosas autóctonas coma cerdeira, carballo cerquiño ... e complementado con arbustos. A finalidade do conxunto é a formación e estabilización do solo.

## Dossier fotográfico



PNOA 2004



PNOA 2008



Iniciativa social de Custodia do Territorio  
www.verdeval.org  
verdeval.asociacion@gmail.com




Foto satélite 2009



Foto satélite 2011



Iniciativa social de Custodia do Territorio  
[www.verdeval.org](http://www.verdeval.org)  
[verdeval.asociacion@gmail.com](mailto:verdeval.asociacion@gmail.com)



PNOA 2010



Foto satélite 2013



Iniciativa social de Custodia do Territorio  
www.verdeval.org verdeval.asociacion@gmail.com



Zona afectada polo entullo